

Obradoiro: OBRADOIRO FORMACIÓN COMERCIAL: COOPERA, COMUNICA E VENDE

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	Do 13 de setembro ao 3 de outubro de 2021	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días 14 e 28 de setembro en horario de 11:00 a 12:30 hs. A persoa titora estará dispoñible no seguinte horario: de luns a venres de 13:30 a 15:00 hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e habilidades no ámbito comercial das cooperativas participantes.
- Coñecer a situación dos procedementos e sistemas de comercialización das cooperativas participantes.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas participantes ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos e sistemas de comercialización.
- Potenciar o coñecemento mútuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes.

PROGRAMA E CONTIDOS

Módulo 1.- Presentación de Espazocoop e a Rede Eusumo. A proposta de valor; preguntas chave: Cal é a miña proposta de valor? Cal é a miña diferenza a respecto da competencia, que aspira a convencer ao mesmo cliente? Estamos comunicando o noso valor diferencial? E ti por que me compras a min? Que atopas de importante na miña oferta e na miña empresa?
Deseño de estratexias comerciais de alto impacto perante os novos consumidores. ? Como o estamos a facer? A proposta de valor como clave do éxito: desenvolvemento e camiño. Como atopar clientes para o meu negocio?

Módulo 2.- Divulgación e posta en práctica de habilidades e ferramentas operativas para a mellora dos procesos e estratexias de comercialización das cooperativas.
Habilidades e estratexias de comunicación chave. Técnicas e procesos de negociación. Avaliación do obradoiro.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito sincrónico, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe no de inicio e finalización do curso. As persoas que non poidan participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

As persoas das cooperativas responsables da área comercial ou estean interesadas en formarse. As persoas que están participando en procesos de emprendemento colectivo Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.